

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 17 de novembro de 2010 pola que se incorporan dous novos procedementos ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño.

O Decreto 164/2005, do 16 de xuño, crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, que permite a presentación por vía telemática de solicitudes, escritos e comunicacións. Esta orde inclúe no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, dous novos procedementos, co fin de continuar impulsando o emprego de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos no desenvolvemento da actividade da Xunta de Galicia e no exercicio das súas competencias.

De conformidade co disposto no artigo 2º.2 e a disposición adicional primeira b) e derradeira primeira do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, créase o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e régulase a atención ao cidadán.

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Inclúense no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, procedementos para os que está habilitado o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, e quedan pois, habilitados cos efectos previstos no seu artigo 5.º1, os seguintes procedementos:

IN422D.-Adhesión ao Plan Renove de equipos de climatización.

IN422E.-Axuda do Plan Renove de equipos de climatización.

2. Os procedementos para a tramitación electrónica estarán dispoñibles no enderezo

<http://www.xunta.es/presentacion-electronica-da-xunta-de-galicia>

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Corrección de erros.-Resolución do 30 de decembro de 2010 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, polo que se aproba o Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertido erro, na devandita resolución, publicada no DOG nº 251, do venres 31 de decembro, cómpre efectuar a oportuna corrección:

Na páxina 21.558, omitiuse a alínea B).

Onde di: «Venlafaxina 75 mg/60/Comprimidos/Oral -Ácido alendrónico», debe dicir: «Venlafaxina 75 mg/60/Comprimidos/Oral

B) Artigo 3º.4 da Lei 12/2010, do 22 de decembro, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Ácido alendrónico».

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 28 de decembro de 2010 pola que se crea a Comisión do Mexillón.

A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, regula no seu título II os órganos das administracións públicas, e concretamente no seu capítulo II, regula o réxime de funcionamento dos órganos colexiados.

Non obstante, ao seren un ámbito sectorial específico, caberá ter en conta tamén as directrices que de xeito particular establece a Consellería do Mar como órgano promotor no que se integra a Comisión do Mexillón e encargado da súa presidencia. Así pois, partindo da regulación establecida na citada Lei 30/1992, a Consellería do Mar ten a potestade para ditar disposicións particulares sobre as cuestións relativas ao funcionamento da Comisión do Mexillón, concretamente no referido ao desenvolvemento das xuntanzas e á forma de aprobación dos acordos adoptados por aquela.

En consecuencia, e de acordo co disposto no artigo 30º.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988 e demais normativa de aplicación, oído o sector interesado,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Creación e ámbito de actuación.*

Créase a Comisión do Mexillón como órgano colexiado de carácter permanente e consultivo, dependente da Consellería do Mar.